

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN OS XURADOS DOS PREMIOS CONVOCADOS NA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2008

A Resolución do 29 de setembro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan e regulan para o ano 2008, diversos premios para o recoñecemento daqueles traballos que en diversos ámbitos culturais contribuían a un mellor coñecemento do fenómeno migratorio galego, establece no punto 7 das bases xerais da convocatoria que a Secretaría Xeral de Emigración nomeará para o seu ditame un xurado integrado por tres especialistas nas materias obxecto dos premios que elevará, na correspondente acta, unha proposta de concesión de premios para cada modalidade ao secretario xeral de Emigración

En cumprimento do anterior, esta Secretaría Xeral de Emigración

RESOLVE: Nomear os xurados para as distintas materias obxecto dos premios convocados que propondrán a concesión dos mesmos para cada modalidade:

PREMIO DE FOTOGRAFÍA (Modalidades analóxica e dixital)

- D. Martín Rendo Duro (Director de fotografía de Suvestudio)
- D. Antonio Matías Miguez (Membro da Asociación Española de Fotografía)
- D. Miguel Puig García (Fotógrafo profesional)

PREMIO DE BELAS ARTES (Modalidades pintura e debuxo)

PREMIO DE DESEÑO DE CARTEIS

- Dña Blanca Besteiro García (Licenciada en Belas Artes e Pintora)
- D. Francisco Pestana Díaz (Poeta e escultor)
- D. Santiago Catalán Tobía (Arquitecto e artista plástico)

PREMIO DE COMUNICACIÓN (Modalidades prensa escrita e dixital e radio e televisión)

PREMIO Á MELLOR REVISTA EDITADA POLAS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.

- Dña Sandra Rodríguez Álvarez (Directora de I.COM)
- Dña Flor Robleda Jiménez (Xefa do gabinete de prensa do concello de Ames)

- Dña Iria Feijoo Regueiro (Xefa do gabinete de prensa do concello de Santiago de Compostela)

PREMIO Á MELLOR PÁXINA WEB CREADA POLAS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

- D. Jorge Queiruga Triñanes (Webmaster)
- D. Marcos Saavedra Seoane (Consultor de comunicación e webmaster de “Enxeño Galicia”)
- D. Raúl Oreiro Pérez /Programador informático de “El Correo Gallego”

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2008
O SECRETARIO XERAL DE EMIGRACIÓN

Asdo: Manuel Luís Rodríguez González